



## FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

<b>Lugar da proba:</b>		<b>Data:</b>		<b>Nivel:</b>	<b>CELGA 3</b>
------------------------	--	--------------	--	---------------	----------------

### DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

<b>Apelidos e nome:</b>					
<b>DNI / NIE / Pasaporte:</b>		<b>Nacionalidade:</b>			
<b>Data de nacemento:</b>	___ / ___ / _____	<b>Sexo:</b>	home <input type="checkbox"/>	muller <input type="checkbox"/>	
<b>Lugar de nacemento:</b>	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras rexións de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
<b>Lugar de residencia:</b>	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
<b>Tipo de estudos cursados:</b>	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

### INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lean detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empreguen bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúense á tarefa que se lles pide.
- Axústense ao número de palabras que se lles pide. Valorarase negativamente que non cheguen a ese número de palabras ou que se excedan demasiado.
- Non se lles proporcionará outro caderno de exame.
- Deben empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilicen o seu nome real no texto da proba nin marquen o exame con ningún sinal (por exemplo, non usen tñpex).
- Terán que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



# Celga



# 3






## Proba A1

Vostede traballa nun grupo de teatro afeccionado que quere representar unha comedia no hospital da súa cidade. Baseándose na reportaxe que acaba de escoitar, escriba unha carta para convencer a dirección do hospital, na que lles explique como aos enfermos lles pode favorecer a asistencia á obra. Nesta **carta**, de **300 palabras**, vostede deberá:

- Indicar quen é vostede, a quen representa e cal é a finalidade da súa carta.
- Explicar tres beneficios físicos e dous beneficios psicolóxicos que a risa exerce sobre o organismo.
- Recordar polo menos un dos beneficios sociais da risa.
- Despedirse agardando unha resposta.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their response to the A1 test question.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.



## Proba A2

Vostede ten unha amiga que quere someterse a unha operación de cirurxía estética e pediulle a súa opinión sobre a necesidade de facela. Logo de ler o seguinte texto, vostede decide escribirlle unha **mensaxe electrónica**. No texto, de **300 palabras**, debe incluír:

- A súa opinión persoal razoada sobre as operacións de cirurxía estética (a favor ou en contra), animándoa ou desanimándoa a que se opere.
- Información sobre os aspectos legais que debe ter en conta á hora de contratar unha operación deste tipo.
- As esixencias que debe facer no centro onde vai realizar a operación.
- Información sobre os seus dereitos para unha eventual reclamación.

## **Cirurxía estética: aspectos legais e información sobre inconvenientes e riscos**

Desde que deixou de ser un tabú e un luxo, a cirurxía estética converteuse nun dos campos médicos que máis se desenvolveron nos últimos anos, pero tamén nun dos máis conflictivos. O impacto social que xeran os presuntos erros médicos en persoas converteuse nun lastre para a imaxe da profesión, que non se pon de acordo sobre a habilitación mínima que se lle debe esixir a un facultativo para exercer neste campo. Os médicos que practican intervencións de cirurxía estética deben estar en posesión do título de Especialista en Cirurxía Plástica, Reparadora e Estética, que se obtén tras licenciarse en Medicina e Cirurxía e tras realizar cinco anos de Médico Interno Residente nun hospital acreditado (un ano en Cirurxía Xeral, outro en especialidades cirúrxicas afíns e tres anos específicos de Cirurxía Plástica).

### **Aspectos legais que cómpre ter en conta**

Comprobe que a clínica á que acode está legalizada e que dispón da autorización administrativa correspondente, adecuada á actividade que se realice. É imprescindible no caso da cirurxía e deberá estar nun lugar ben visible. Acuda cunha testemuña que poida declarar en caso de que a operación sexa un fracaso.

Os artigos 4 e 5 da Lei 41/2002, de 14 de novembro, establecen que, sempre que así o desexe vostede ou as persoas ás que autorice, ten dereito a ser plenamente informado dos inconvenientes e riscos da intervención, dos efectos colaterais, das implicacións familiares e laborais (días de baixa, repouso etc.), e sobre todo, das complicacións habituais ou posibles tanto durante a operación coma no postoperatorio. Logo dalgunhas intervencións, como a colocación de implantes mamarios, poden xurdir complicacións mesmo meses despois.

Solicite por escrito os resultados que se obterán coa operación. Esixa que toda a información que lle proporcionen sexa clara, específica, detallada, comprensible e por escrito. Pida fotografías do antes e do despois.

Esixa un adecuado control clínico e unha monitorización das súas constantes vitais durante a intervención.

Pídalle o orzamento por escrito, detallado e especificando os materiais que se van utilizar. Solicite factura e copias dos documentos que asine, incluído o consentimento da operación. O pagamento final non debe superar o orzamentado. Non pague nunca con cheque ó portador. Saiba que non debe aboar o IVE se a intervención ten por obxecto tratar unha enfermidade ou as súas secuelas. Se se somete a unha técnica netamente





estética, deberá pagar un IVE reducido do 7%.

Se durante o tratamento se implantou no seu organismo algún material (próteses, recheos etc.), esixa unha Ficha de Rexistro (en modelo oficial), que especifique todas as súas características marca e modelo, composición, tamaño ou volume, lugar da implantación etc.

### **Como reclamar**

Cando entenda que existiu unha asistencia irregular, non dubide en solicitar as pertinentes explicacións. De ser posible, pídaas por escrito. Recompila todos os datos que demostren que existiu negligencia médica.

En caso de falecemento ou de lesións graves pódese recorrer á vía penal (é máis rápida e económica) que pode levar á inhabilitación e/ou prisión para o médico, amais de ver resarcido o dano mediante a correspondente indemnización monetaria.


Para casos non tan graves, e no suposto de recibir asistencia sanitaria nun Centro dependente dun Organismo Público, pode solicitar a correspondente indemnización monetaria en vía administrativa. Nesta vía, única e exclusivamente se pode obter unha compensación económica: non se exercita acción penal ningunha contra o médico responsable. Esta opción iníciase mediante a interposición dunha reclamación contra a Administración Sanitaria, denominada Reclamación por Responsabilidade Patrimonial da Administración Pública. No suposto de non obter contestación no prazo de 6 meses, débese considerar que a Reclamación foi desestimada. Nese caso haberá outro prazo de 6 meses para acudir ós tribunais e iniciar un procedemento contencioso-administrativo, que remata mediante sentenza. A reclamación por responsabilidade patrimonial da administración preséntase en vía administrativa, non en vía civil. A xurisdición civil non é competente.

Se a asistencia sanitaria foi prestada nun Centro privado, pode solicitar a correspondente indemnización en reclamación das perdas e danos sufridos ante os Tribunais civís. Esta opción iníciase mediante a interposición dunha demanda contra o centro e/o médico responsable da suposta negligencia médica, dependendo dos casos, e remata mediante sentenza.

Texto adaptado de <http://revista.consumer.es/web/ga/20040401/actualidad/informe1/68616.php>

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the central and lower portion of the page, intended for the student to write their response to the A2 test question.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.